

Defensa dos intereses de Galicia perante a UE

Setembro-decembro 2023

Informe para o Consello da Xunta de Galicia

12 de decembro de 2023

Este informe recolle un resumo das actividades da nosa oficina de representación en Bruxelas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que traballa a prol dos intereses galegos perante a UE da man da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e en coordinación con diferentes departamentos dos sector público autonómico.

Trátase de actividades dirixidas a garantir a contribución da Xunta de Galicia aos debates europeos, mediante a achega da nosa experiencia e do noso coñecemento sobre o terreo. A participación autonómica nestes debates é fundamental, xa que, dadas as competencias da Xunta de Galicia, é a responsables de aplicar gran parte da lexislación europea.

No último trimestre de 2023 traballamos en temas moi diversos dos que destacamos:

1. A organización dunha **visita institucional a Bruxelas da conselleira de Emprego e Igualdade**, Elena Rivo, na que se tratou do impacto da IA no mundo do traballo.
2. A participación no debate sobre a transformación do **sector do automóbil** cara a desaparición dos vehículos de motor de combustión.
3. A aprobación dun **ditame liderado por Galicia no Comité Europeo das Rexións en resposta ao paquete sobre a sostibilidade do sector pesqueiro** proposto en febreiro pola Comisión Europea.
4. A **visita a Bruxelas do conselleiro do Mar** por mor do Consello da UE no que se fixan os totais admisibles de capturas para 2024.
5. A participación galega en seis dos 300 actos organizados durante a **Semana Europea das Rexións e das Cidades 2023**
6. **A presentación da sociedade Impulsa Galicia**
7. A participación da conselleira de Política Social no **Consello da UE en materia de Xuventude** en representación das CCAA
8. A organización da 18ª edición do programa de financiamento comunitario **“TecEuropa”**, no que participaron varios funcionarios da Xunta de Galicia
9. **A organización de tres encontros virtuais Xunta-UE** para abordar o Ano Europeo das Capacidades, o novo paquete legislativo en favor da competitividade das pemes e a aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible a nivel local
10. O seguimento e participación no debate sobre o futuro da política de cohesión
11. O intercambio con outras rexións europeas sobre como se está a executar a **Reserva de Axuste ao Brexit**

12. O décimo aniversario da Alianza Europea Vanguard Initiative

13. A participación galega na 8ª edición do Foro internacional Cidades e rexións pola cooperación internacional,

Como **anexo**, recóllese un listado con 53 reunións ás que asistiu o persoal e os bolsiros da FGE en Bruxelas cunha breve explicación do interese de cada unha delas para a defensa dos intereses galegos perante a UE. Trátase, por exemplo, de reunións organizadas pola rede informal de colaboración entre Oficinas Rexionais en Bruxelas (CORE), que permiten unha mellor interlocución coas institucións europeas, por un lado, e coa Representación Permanente de España ante UE (REPER), por outro, co obxectivo de obter información de primeira man do traballo de España no Consello. Tamén se recollen as reunións do **Comité Europeo das Rexións**, nas que a FGE presta apoio técnico e loxístico para a participación do membro suplente en representación de Galicia: Jesús Gamallo Aller.

Por último, a FGE anima aos distintos departamentos da Xunta de Galicia a participar nas **consultas públicas** que abre a Comisión Europea e que permiten participar nunha fase temprana do proceso legislativo. Tamén lles achega as respostas que a Comisión Europea dá ás preguntas en relación con Galicia formuladas por deputados do Parlamento Europeo e lles mantén informados das peticións abertas en relación con Galicia na comisión de Peticións da EuroCámara. Entre setembro e decembro de 2023, a FGE enviou:

- 16 avisos sobre consultas públicas
- 28 alertas sobre preguntas parlamentarias
- 3 peticións

Máis información sobre a participación de Galicia nos asuntos europeos en fundaciongaliciaeuropa.eu e nos [boletíns mensuais de información](#) da FGE (último boletín: [novembro de 2023](#)).

Defensa dos intereses galegos perante a UE | Setembro-décembro 2023

TEMA	Consellería a implicada	DESCRIPCIÓN	ACTIVIDADES FGE
1. Visita a Bruxelas da conselleira de Emprego e Igualdade	Emprego e igualdade	<p>A FGE promoveu a inclusión da conselleira Elena Rivó como relatora no II Foro Social de Dereitos Sociais e Emprego, organizado pola DG EMPL en Bruxelas e dedicado aos retos do uso da IA no ámbito laboral. A conselleira presentou nel a nova ferramenta baseada na intelixencia artificial, EMI, que a Xunta está a implantar nas oficinas de emprego co obxectivo de casar oferta con demanda para dar resposta ás necesidades do mercado de traballo.</p> <p>De forma complementaria, a FGE organizou unha axenda composta de cinco reunións coa Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Comité Europeo das Rexións, ademais dun almuerzo informal con galegos que traballan no eido comunitario. A conselleira, acompañada polo secretario xeral de Emprego e pola directora xeral de Formación, explicou nestas reunións a rede de Polos de Emprendemento, a posta en marcha dun sistema de microcredencias, o impulso de espazos de co-living na comunidade e os incentivos e campañas de sensibilización para promover o emprego feminino.</p> <p>Como conclusións desta visita, a FGE:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Destaca a necesidade de seguir traballando coa coordinadora española do Ano Europeo de Capacidades para dar o coñecer a experiencia galega en detección de necesidades formativas do tecido produtivo • Estará atenta ao recoñecemento das microformacións na UE mediante as contas de aprendizaxe individuais • Fará un seguimento da nova Plataforma do Aproveitamento do Talento 	<p>15/11 Almuerzo con galegos que traballan nas institucións comunitarias</p> <p>15/11 Reunión con Manuela Geleng, directora de Emprego e Capacidades da Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL)</p> <p>15/11 Reunión coa eurodeputada Rosa Estarás, membro das comisión de Emprego (EMPL) e Igualdade (FEMM) do Parlamento Europeo</p> <p>15/11 Reunión con Colin Scicluna, xefe de gabinete da vicepresidenta de Democracia e Demografía da Comisión Europea, Dubravka Suica.</p>

		<ul style="list-style-type: none"> • Apoiará á Xunta de Galicia na presentación de eventuais candidaturas ao concurso anual de Emprendememento de DG GROW ou ao premio Rexión Emprendedora Europea do CdR. 	<p>15/11 Reunión con Thomas Wobben, director de Cohesión, Política Económica y Empleo. Comité Europeo das Rexións.</p> <p>16/11 Reunión con Outi Slotboom, directora de Estratexia e Análise Económico da Dirección Xeral de Mercado Interior, Industria, Emprendemento e PYME (DG GROW).</p>
<h2>2. Automóbil</h2>	<p>Economía, Industria e Innovación</p>	<p>A FGE asegurou a participación galega nos dous foros europeos que traballan a prol dunha transición xusta para as rexións automobilísticas nun semestre no que tanto o Parlamento Europeo como o CdR aprobaron senllos informes sobre a necesidade dun apoio específico ás rexións dependentes do sector da automoción.</p> <p>En novembro, a Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA) celebrou a súa segunda conferencia anual en Navarra, á que asistiu o secretario xeral de Industria da Xunta de Galicia, Nicolás Vázquez. Nela ARA emitiu un manifesto e asinou un acordo con CORAI e a Alianza de capacidades do sector automobilístico para demandar un mecanismo de apoio financeiro específico no marco financeiro plurianual a partir de 2027. Navarra asumiu a presidencia desta alianza e Lombardía a vicepresidencia.</p>	<p>08/09 Reunión técnica de ARA</p> <p>09/11 Conferencia anual da Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA).</p> <p>30/11 Reunión política do grupo interrexional sobre o futuro do automóbil (CoRAI)</p> <p>11/12 Reunión técnica de ARA</p>

		<p>ARA enviou tamén unha carta ao comisario europeo Thierry Breton, na que acollía favorablemente os índices clave de rendemento (KPI) do sector automobilístico definidos polo grupo de alto nivel "Ruta 35", se ben destacaba a necesidade dunha dimensión máis rexional para avaliar o progreso da transformación industrial.</p> <p>Pola súa parte, o Grupo Interrexional do Automóbil do CoRAI mantivo a súa segunda reunión política do ano. A nova presidencia ostentada por Saxonia (DE) incidiu na importancia de remitir á Comisión Europea o estudo de impacto territorial referido á transición do sector automobil encargado polo Comité Europeo das Rexións (CdR)</p>	
<p>3. Política Pesqueira Común (PPC)</p>	<p>Mar</p>	<p>En febreiro, a Comisión Europea presentou un paquete de medidas para mellorar a sustentabilidade e a resiliencia do sector da pesca e a acuicultura da UE, na que descarta unha revisión da actual PPC. A proposta recibiu grandes críticas en Galicia, polo que a FGE propuxo ao Comité Europeo das Rexións realizar un ditame en reacción a esta proposta que fose liderado por Galicia; en concreto, por Jesús Gamallo, membro suplente neste órgano europeo, co apoio do director xeral de Pesca, Antonio Basanta, en calidade de experto.</p> <p>Tras a consulta coas partes interesadas e un primeiro debate en comisión, a principios de outubro o ditame debateuse e aprobouse na comisión de Asuntos Naturais, previa negociación de 27 emendas. Para o debate en pleno, o propio relator introduciu cinco emendas para mellorar o texto e adaptarse aos últimos acontecementos (como o posicionamento do Parlamento Europeo ao respecto) e recibiu 25 máis. Finalmente, o ditame foi aprobado por maioría.</p> <p>Deste xeito, a iniciativa de Galicia, os entes locais e rexionais da UE avogan por:</p>	<p>05/10 Reunión da comisión NAT</p> <p>05/10 Reunión do grupo de Pesca da CRPM</p> <p>10/10 Seminario da Presidencia española UE "Como mellorar o proceso decisorio de TAC e cuotas mediante a incorporación de aspectos socio-económicos"</p> <p>29/11 Pleno do Comité Europeo das Rexións</p>

		<ul style="list-style-type: none"> • Manter un equilibrio entre o tres piares de sustentabilidade da política pesqueira común (ambiental, económico e social) para asegurar a viabilidade a longo prazo desta actividade; • Reivindicar o papel da pesca como garante tanto da seguridade alimentaria como dunha alimentación saudable na UE • que a próxima Comisión conte cunha carteira específica no ámbito marítimo-pesqueiro, e non ligada ao medio ambiente como na actualidade. 	
4. Visita a Bruxelas do conselleiro do Mar	Mar	<p>O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, desprazouse á capital comunitaria para seguir de cerca o Consello de Ministros de Pesca onde se van fixar os totais admisibles de capturas (TAC) e cotas para o ano que vén. A Xunta de Galicia trasladou ao Ministerio os seus argumentos e demandas de cara a esta negociación e reuniuse con representantes do sector e outras rexións con intereses pesqueiros, como Bretaña, coa que Galicia comparte a presidencia do grupo de traballo marítimo e de pesca da Conferencia de Rexións Periféricas Marítimas (CRPM) dende a última asemblea xeral, celebrada o mes anterior.</p>	11/12 Reunión na FGE con Daniel Cueff, vicepresidente de Mar e Litoral de Bretaña
5. Participación galega na Semana Europea das Rexións	AMTEGA Medioambiente Economía, Industria e Innovación	<p>Galicia estivo representada en seis citas diferentes da última edición da EU Regions Week, dous deles organizadas pola Fundación Galicia Europa: un obradoiro que reuniu a máis de 200 persoas para debater sobre o papel das rexións no desenvolvemento da intelixencia artificial, que contou coa moderación da AMTEGA e a presentación da futura lei de IA que está a esbozar a Xunta de Galicia, e a presentación da sociedade Impulsa Galicia nunha <i>EU Regio Talk</i>.</p>	<p>04/10 Reunión preparatoria d participación da AMTEGA na EU Regions Week</p> <p>10/10 Obradoiro <i>“Regional artificial intelligence. The role of regions in AI development”</i></p> <p>10/10 <i>EU Regio Talk “Envisioning the industry of the</i></p>

		<p>A directora xeral de Cambo Climático e o director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal explicaron as experiencias galegas noutros seminarios, mentres que o Clúster Alimentario de Galicia participou nun acto paralelo sobre innovación agroalimentaria e a FGE participou nunha cata de produtos de España con motivo da Presidencia española da UE.</p> <p>A EURegionsWeek non é só o acontecemento de referencia para a Política de Cohesión, é o momento para que as rexións e cidades europeas presenten resultados, intercambien información sobre a aplicación das políticas europeas e debatan sobre o futuro. Pero, sobre todo, é unha oportunidade única para establecer contactos entre participantes e institucións, algo que aproveitou ben a Xunta de Galicia con esta activa participación nela promovida pola FGE. Baixo a lema "Rexións prósperas, Europa máis forte", a 21ª edición da Semana acolleu a máis de 7 500 participantes de toda Europa.</p>	<p><i>future- the contribution of Galicia (EWRC)"</i></p> <p>10/10 Obradoiro "Overcoming cross-border obstacles: apprenticeships and recognition of qualifications"</p> <p>11/10 Obradoiro "O pacto dos alcaldes: xuntos por unha acción ambiciosa en materia de clima e enerxía"</p> <p>11/10 Stand gastronómico "Discover Galicia"</p>
<p>6. Presentación da sociedade Impulsa Galicia</p>	<p>Economía, Industria e Innovación</p>	<p>Aproveitando a súa participación na EURegionsWeek, a FGE organizou unha axenda de reunións para o director da sociedade público-privada Impulsa Galicia, Julio Pombo, nas que se abordaron o futuro regulamento sobre materias primas fundamentais e as oportunidades de financiamento de proxectos por parte do Banco Europeo de Investimentos (BEI)</p>	<p>10/10 Reunión co conselleiro de Industria da Representación Permanente de España ante a UE</p> <p>13/10 Reunión co BEI</p>

<p>7. Participación de Galicia no Consello da UE</p>	<p>Política Social</p>	<p>Galicia coordina no segundo semestre de 2023 a participación autonómica no Consello da UE en materia de Xuventude, para o que a Dirección Xeral de Xuventude designou a unha funcionaria para participar nas reunións do grupo de traballo que tiveron lugar cada semana. Baixo Presidencia española, os ministros de Xuventude adoptaron dous documentos sobre a inclusión social e sobre a saúde mental da mocidade. Galicia elaborou unha posición común das CCAA sobre o tema de debate referido á participación xuvenil. A conselleira do ramo, Fabiola García, participou como parte da delegación española xunto ao ministro</p> <p>Dado que España ostenta a Presidencia do Consello, moderando o debate entre as 26 delegacións nacionais, a conselleira do ramo, Fabiola García, participou como parte da delegación española xunto ao ministro.</p>	<p>31/10 Reunión coa directora xeral de Xuventude, Cristina Pichel</p> <p>23/11 Reunión do Consello da UE- Educación, Cultura e Xuventude</p> <p>18/12 Reunión de traspaso a Canarias da coordinación autonómica no Consello na área de Xuventude</p>
<p>8. TecEuropa</p>	<p>Todas</p>	<p>Entre o 10 e o 17 de novembro tivo lugar a 19ª edición do programa de financiamento comunitario “TecEuropa” con máis de cen inscritos: 22 do sector público autonómico; 15 de entes locais como os concellos de As Pontes, Lalín ou Lugo; 11 das universidades galegas; 8 de asociacións empresariais e cámaras de comercio; 19 de empresas; 17 de entidades do terceiro sector e 5 de entidades de I+D+i.</p> <p>Dividido en catro sesións, a primeira delas consistiu nunha visita virtual á Comisión Europea para coñecer de primeira man as políticas europeas relativas ás transicións verde e dixital, así como a execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en España. Durante as tres seguintes, a Fundación Finnova deu unha explicación práctica de varios programas de financiamento como Horizonte Europa, Life ou Erasmus +.</p>	<p>08/11 Visita virtual á Comisión Europea</p> <p>10/11 Curso TecEuropa: o orzamento comunitario e Horizonte Europa</p> <p>15/11 Curso TecEuropa: programa Erasmus +</p> <p>17/11 Curso TecEuropa: programas CERV, Life e de cooperación territorial europea</p>

		A FGE retomará as edicións presenciais de TecEuropa en 2024.	
9. Encontros virtuais Xunta-UE	Todas	A FGE organizou tres encontros virtuais entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea sobre tres temas de actualidade na axenda comunitaria: o novo paquete de apoio a pemes que a Comisión Europea publicou en setembro, o Ano Europeo das Capacidades que comezou en maio co obxectivo de chamar a atención sobre a necesidade de reciclaxe e perfeccionamento profesional dos traballadores europeos e a aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible a nivel rexional despois da revisión voluntaria realizada pola UE, na que se recoñece a dimensión rexional dos seus obxectivos. Estes encontros serviron para mellorar o coñecemento mutuo entre a administración europea e a galega en relación coa aplicación de políticas europeas	<p>25/10 Encontro virtual “As pemes nun mundo en constante cambio: novos apoios e iniciativas da UE”</p> <p>27/09 Encontro virtual “O Ano Europeo das Competencias: un novo pulo ós obxectivos sociais da UE”</p> <p>12/12 Encontro virtual “A aplicación rexional dos ODS: leccións aprendidas e avances ata 2030”</p>
10. Futuro da política de cohesión	Facenda	A FGE fixo un seguimento do debate sobre o futuro desta política, máis alá de 2027, en particular sobre os primeiros posicionamentos oficiais aprobados a finais de novembro: un ditame do CdR liderado polo propio presidente da asemblea e as conclusións adoptadas polo Consello da UE baixo Presidencia española, previo debate nun Consello informal celebrado en Murcia. A Conferencia das Rexións Periféricas e Marítimas están tamén a posicionarse neste debate que valora como “moi complicado”. A gobernanza, arquitectura, simplificación, criterios para o reparto dos fondos, o peso da cooperación territorial, o impacto de eventuais ampliacións da UE... son algunhas das cuestións que están sobre a mesa. . A FGE está a recoller os comentarios da	<p>18/09 Diálogo BEI sobre o investimento en tecnoloxías estratéxicas nas rexións</p> <p>29/09 Rolda de prensa do Consejo Informal Cohesión</p> <p>30/11 Debate sobre política de cohesión. Pleno do CdR</p> <p>01/12 Rolda de prensa do Consello de Asuntos Xerais dedicado a Cohesión</p>

		Xunta para contribuír activamente a este debate que se intensificará o ano que vén coa publicación do 9º Informe de Cohesión.	12/12 Reunión do grupo de Cohesión da CRPM
11.Reserva de axuste ao Brexit	Facenda, Mar	<p>A Fundación Galicia Europa presidiu e acolleu a última reunión do Grupo Operativo Brexit da Comisión do Arco Atlántico na que se avaliou a execución da reserva de axuste ao Brexit, un fondo específico posto en marcha en 2021 e dotado de 5.000 millóns de euros para axudar aos sectores afectados pola saída de Reino Unido da UE. Flandes, Alta Francia e Donegal expuxeron as súas experiencias ao respecto fronte ao responsable da Comisión Europea deste fondo temporal.</p> <p>España tiña asignados máis de 200 millóns de euros para compensar os danos causados no comercio de bens e servizos e 3 millóns para compensar as perdas relativas ás capturas de pesca ata finais deste ano.</p>	28/09 Reunión do Grupo operativo Brexit na FGE
12.Alianza Europea Vanguard Initiative	GAIN	A FGE acompañou a GAIN no 10º aniversario da Vanguard Initiative, a rede da que Galicia forma parte desde 2015 co obxectivo de que a súa industria poida colaborar con outras rexións a partir da complementariedade identificada nas súas Estratexias de Especialización Intelixente. Os representantes das preto de 40 rexións que forman a rede asinaron unha carta na que se comprometen a lanzar Vinnovate, un novo instrumento de financiamento da innovación, que representa un gran paso adiante en liña co compromiso fundacional feito en Milán no 2013 de promover e facilitar acceso a financiamento combinado para proxectos.	06/16 Reunión política da Vanguard Initiative

<p>13. Foro “Cidades e rexións pola cooperación internacional”</p>	<p>VP1</p>	<p>Co apoio da FGE, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou na clausura da oitava edición do foro internacional Cidades e rexións pola cooperación internacional en representación do CdR. Nel debateuse sobre a implicación das rexións e as cidades na nova estratexia de cooperación da UE: a Global Gateway. Esta última edición reuniu 260 representantes do Sur Global en torno a 25 mesas de traballo entre os que se atopa un representante local hondureño proposto pola Cooperación Galega.</p>	<p>01/12 Foro “Cidades e rexións pola cooperación internacional”</p>
<p>14. Visita do conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades,</p>		<p>O conselleiro Román Rodríguez desprazouse a Bruxelas para participar nun seminario sobre conservación do patrimonio organizado polo Intergrupo de Turismo, Patrimonio Cultural e Camiños de Santiago do Parlamento Europeo, no que relatou a experiencia galega na restauración do Camiño de Santiago xunto. Durante a xornada, reuniuse tamén con responsables de Educación da Comisión Europea para presentar o proxecto dugallA, que incorpora a intelixencia artificial á xestión educativa, e para intercambiar opinións sobre o Plan de Acción de Educación Dixital da UE, reflectido na Estratexia de Educación Dixital 2030 de Galicia. O conselleiro tamén visitou a rede composta por 34 ministerios de educación, European Schoolnet, que ofece cursos de formación do profesorado en liña recoñecidos pola Xunta de Galicia.</p>	<p>15/11 Reunión coa DG EAC 15/11 Visita á sede da European Schoolnet 15/11 Mesa redonda “Europa: un patrimonio milenario”</p>

ANEXO – LISTADO DE REUNIÓN S ÁS QUE ASISTIU A FGE EN BRUXELAS

Data	Organizador	Nome	Resumo
08/09/2023	ARA-CdR	Reunión do Grupo de Traballo da Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA)	Posta ó día das informacións relacionadas co ámbito de actuación de ARA. Destacan o próximo debate político de alto nivel que terá lugar en Pamplona no mes de novembro; a presentación do logo proposto para a Alianza; o proxecto de ditame "Unha transición xusta das rexións con industrias da automoción" ou o agardado informe do Itinerario de Transición do Ecosistema da Mobilidade.
11/09/2023	Comisión Europea (DG GROW)	<i>Together for EU Tourism stakeholder meeting</i>	Reuniu ás partes interesadas na posta en marcha conxunta do Itinerario de Transición do Turismo, invitándoas a suscribir compromisos (<i>pledges</i>) en favor dunha transición ecolóxica e dixital do sector turístico
13/09/2023	Comisión Europea	Discurso sobre o Estado da Unión Europea 2023	Discurso sobre o estado da Unión A FGE estivo atenta ao discurso anual pronunciado pola presidenta da Comisión Europea, presentou as principais prioridades e iniciativas emblemáticas para o próximo ano, baseándose nos éxitos e logros da Unión Europea durante os últimos anos.

14/09/2023	Comité Europeo das Rexións	Info session on EU Councillors network for regional offices in Brussels, CoR	Sesión de información sobre a <i>EUCouncillors network</i> , proxecto lanzado en 2021 co obxectivo de construír unha grande rede que abarque cada un dos niveis da administración dos países europeos, para achegar os asuntos europeos aos políticos locais e rexionais, e servir de plataforma para que estes (en tanto que conselleiros ou "councillors" membros da Rede) debatan e traballen en rede con outros conselleiros e cos membros do Comité Europeo das Rexións. A rede ofrece información, servizos e produtos relevantes que contribúen a facer sentir á Unión Europea máis cerca do ámbito local e rexional, favorecendo a comprensión do funcionamento europeo.
14/09/2023	Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM)	CPMR CORE Group meeting	Introdución e presentación da nota técnica da CRPM "Comprensión da Revisión a Metade de Termo do MFP", destacando os aspectos clave das propostas da Comisión e como estas poden afectar as rexións membro da CRPM.
14/09/2023	DCRN	Demographic Change Regions Network partners meeting.	Coordinado pola Delegación Permanente da Junta de Castilla y León en Bruxelas, o encontro tivo como obxectivo analizar as últimas iniciativas europeas relativas aos cambios demográficos e darlle un novo pulo á rede nun momento clave para esta cuestión no marco das institucións da #UE.

18/09/2023	Banco Europeo de Inversiones (BEI)	<i>EIB Lunch Dialogue- Investing in strategic technologies for inclusive, green and digital transition in cohesion regions</i>	Subliñouse a importancia da inversión privada na transformación de todas as rexións para cumprir cos obxectivos climáticos da UE. O BEI comprométese a aumentar nun 40 % a súa inversión en cohesión para o período 2021-2027, destinando 28 mil millóns de euros a proxectos en rexións de cohesión. Destacouse como unhas infraestruturas adecuadas é requisito esencial para crear un entorno propicio para a innovación e atraer investimentos privados.
19/09/2023	Comité Europeo das Rexións	19ª Reunión y Conferencia CIVEX: "Reforzar la ciudadanía europea mediante la promoción de la identidad europea y los valores democráticos"	Reunión CIVEX en Timisoara na que participou o DX de Relacións Exteriores e coa UE acompañado pola FGE.
19/09/2023	Asociación de Organizacións de Produtores de Pesca do Cantábrico (OPP Cantábrico)	Presentación da exposición "Un horizonte azul"	O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Plana, inaugurou esta exhibición, cuxo obxectivo é visibilizar e poñer en valor a actividade pesqueira que levan a cabo os asociados da OPP Cantábrico para manter a tradición e o sostibilidade no seu traballo e forma de vida. Na actualidade, a OPP Cantábrico conta con catro membros, entre os que se atopa a Asociación de Armadores de Cerco de Galicia (ACERGA OPP-82). A OPP Cantábrico foi constituída en 2011 e agrupa a case 350 buques.
20/09/2023	Parlamento Europeo (European Parliament)	<i>Skills, skills, skills! Skills for people, skills for competitiveness, skills for sustainability</i>	Conferencia sobre competencias en celebración do Ano Europeo das Capacidades, que mostrou as últimas noticias e investigacións sobre as necesidades, fendas e escaseza de competencias na

	Chair of EMPL Committee)		UE. O evento reuniu ao Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional (Cedefop), a Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e de Traballo (Eurofound), a Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-OSHA), a Fundación Europea para a Formación (ETF) e a Autoridade Europea do Traballo (ELA).
21/09/2023	Oficina de La Rioja, coordinadora de turno de CORE	CORE DIRECTORES: Reunión coas conselleiras autonómicas e o conselleiro de Política Territorial da REPER	Repaso da participación nos Consellos de Ministros da Unión Europea. Punto de información sobre os nomeamentos dos membros suplentes que requiren un informe da Asemblea Rexional. Evolución dos expedientes en materia electoral e institucional: publicidade política, partidos políticos europeos, directivas de cidadáns móbiles e acceso ao voto e seguimento da COFE. Colaboración entre o Comité das Rexións e a Presidencia española do Consello.
21/09/2023	Parlamento Europeo	<i>From Waves to Wisdom: Empowering Fishers through Sustainable Fisheries Training</i>	Conferencia final do proxecto europeo "Catch the potential", no que participa CETMAR para definir unha norma harmonizada de formación sobre pesca sostible e avogar pola súa integración no Convenio Internacional sobre Normas de Formación, Titulación e Garda para o Persoal dos Buques Pesqueiros (STCW-F). Destacouse o importante papel da formación para mellorar a interacción entre as actividades pesqueiras e o ecosistema mariño.

22/09/2023	FGE	Reunión con CETMAR	Encontro con Lucía Fraga, Coordinadora área de formación de CETMAR. Reunión promovida para dar a coñecer os puntos principais do proxecto CleanAtlantic e “Catch the potential”.
22/09/2023	Rede para promover a Diversidade Lingüística da UE (NPLD) na que participa a SX Política Lingüística	NPLD Almorzo con ocasión do Día Europeo das Linguas	Interviñeron a directora da oficina de Trento en Bruxelas, que ostenta a vicepresidencia da rede, o responsable de multilingüismo na comisión Europea e un investigador da Cátedra UNESCO sobre Políticas Lingüísticas, quen falou das consecuencias prácticas da non oficialización das linguas rexionais ou minoritarias na UE.
25/09/2023	Rede de rexións polo turismo sostible (NECSTouR) no que participa ATURGA	Espacio Europeo de Datos de Turismo	A FGE acolleu na súa oficina de Bruxelas esta sesión que abordou a creación dun Espazo de Datos para o Turismo (ETDS) e a súa capacidade para responder ás diversas necesidades e retos do turismo. Debatéronse as oportunidades que teñen as partes interesadas de crear valor empresarial a través dos ETDS e que condicións son necesarias para facilitar esta creación de valor ao tempo que se apoia a sustentabilidade a longo prazo do ETDS.
25/09/2023	Comité Europeo das Rexións	Conferencia de presentación de resultados do proxecto Rural Care de Castela e León	Os resultados principais do proxecto Rural Care en Castela e León demostran a viabilidade da atención personalizada universal, cun maior benestar e satisfacción dos usuarios en comparación co modelo residencial. Esta solución é económica e eficiente, facilitando a participación comunitaria e a

			<p>mobilización de apoio máis rápida. As recomendacións inclúen fortalecer os recursos humanos, mellorar a coordinación e simplificar a regulación e o investimento a medio prazo. As leccións destacan a relevancia da atención rural e a súa utilidade noutros contextos en España e Europa.</p>
26/09/2023	<p>Rede de organizacións de investigación forestal dos países nórdicos e bálticos (PROFOR)</p>	<p><i>Forest Multifunctionality -A concept for highlighting conflicting and compatible goals of forests in Europe</i></p>	<p>Conferencia sobre a multifuncionalidade dos bosques e protección do seu futuro. Para satisfacer tódalas demandas e desafíos que nós, como sociedade, exercemos sobre os nosos bosques, necesítase investigación interdisciplinaria. Existe unha crecente necesidade de apoio político con base científica para a toma de decisións da UE no que respecta ao uso múltiple dos bosques.</p>
26/09/2023	<p>Oficina de Canarias en Bruxelas (coordinadora do grupo CORE Competitividade)</p>	<p>Reunión post-Consello de Competitividade cos conselleiros de Industria e Competitividade</p>	<p>O Consello de Competitividade do 24/09 abordou dous temas principais: as orientacións respecto a proposta de revisión e actualización da lexislación europea en materia de deseño de debuxos e modelos industriais e as orientacións respecto do Regulamento EURO7.</p>

28/09/2023	CdR- Commission for Social Policy, Education, Employment, Research and Culture	<i>KEP- Implementation of the New European Innovation Agenda -What is in it for regions and cities?</i>	Este seminario dentro do marco da Plataforma de Intercambio de Coñecementos (KEP), brindou aos participantes a oportunidade de explorar a Nova Axenda Europea para a Innovación. O CdR destacou como o diálogo entre rexións, cidades, empresas e universidades está a contribuír a un enfoque máis integrado da innovación e como Europa está a traballar para fortalecer a súa posición na competencia global, especialmente en sectores clave como a tecnoloxía verde e dixital.
29/09/2023	Conferencia de Rexións Marítimas e Periféricas (CRPM)	<i>CRPM Climate Working Group</i>	Reunión técnica para intercambiar opinións sobre as principais prioridades do Grupo de Traballo e a proposta dun plan de acción 2023-2025.
05/10/2023	Conferencia de Rexións Marítimas e Periféricas (CRPM)	<i>CRPM Fisheries Working Group</i>	Reunión técnica informal na que Antonio Basanta, director xeral de Pesca, Acuicultura e innovación Tecnolóxica, presentou a aprobación na Comisión de Recursos Naturais (NAT) do ditama sobre o futuro da pesca e da acuicultura liderado por Galicia. Tamén se trataron sendas porpostas de informes do Parlamento Europeo relativos á Política Pesqueira Común (PPC) e ó Plan de Acción da UE para protexer e restaurar os ecosistemas mariños.
09/10/2023	CdR	Inauguración de la semana europea de las regiones y ciudades (EWRC)	Debate interactivo entre relatores de alto nivel, membros do Comité Europeo das Rexións,

			autoridades locais e rexionais, mozos políticos locais electos e axentes clave da política de cohesión.
10/10/2023	Pleno CdR	157º. Pleno do CDR	Debate sobre unha unión da saúde para Europa e as súas rexións e presentación e aprobación de 9 ditames e unha resolución.
17/10/2023	Population Europe y Stiftung Mercator	<i>Regional population diversity and social cohesion in the local context</i>	En la reunión se discutieron temas clave, como la relación entre migración y partidos de extrema derecha, la herramienta MIPEX para comparar políticas de integración, la importancia de la integración a nivel local y la creación de un sistema de medición regional para evaluar la integración.
18/10/2023	Representation of the State of Baden-Wuerttemberg to the European Union	<i>ZEW Lunch Debate "Evaluating EU Cohesion Policy: What Do We Really Know?"</i>	El debate comenzó con una presentación de Zareh Asatryan sobre el análisis cuantitativo del ZEW de las evaluaciones de la cohesión por parte de los Estados miembros. Este estudio concluye que las evaluaciones de los programas de cohesión tienen efectos positivos en general. Sin embargo, no cuadran bien con las pruebas existentes. Además, cuestionaba la falta de competitividad de los mercados de evaluación y la participación de las autoridades de gestión.
19/10/2023	REPER España	Reunión preparatoria Consello Agrifish 23-24 outubro	Se adelanta la materia a discutir en la reunión del Consejo de ministros Agri-fish del 23 y 24 de octubre. En primer lugar, se analizará el impacto del mercado de carbono en el sector agroalimentario y cómo los objetivos relacionados con las emisiones de carbono afectan a la asignación de derechos de emisión. En segundo lugar, se discutirá el

			<p>impacto en la competitividad de los mercados internacionales, centrándose en la reducción del desperdicio alimentario. Además, se abordarán temas relacionados con la seguridad alimentaria y la certificación de absorciones de carbono. La reunión también tratará sobre mecanismos de apoyo para enfrentar crisis en el sector agrícola y la simplificación normativa en relación con productos ecológicos.</p>
23/10/2023	Parlamento Europeo (Grupo da Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas europeos)	Presentación da Rede Iberoamericana de Pesca Artesanal	<p>Esta rede creouse o ano pasado en Andalucía, e está formada por máis de 17 países: España, Portugal e 15 países de Latinoamérica, representando a máis de 20 millóns de pescadores artesanais. É a primeira vez que o sector conta cunha única voz a nivel español, portugués e latinoamericano. Desde a Rede prevese desenvolver un traballo conxunto coa Asemblea Parlamentaria Euro-Latinoamericana (EuroLat) para difundir o seu traballo.</p>
24/10/2023	Parlamento Europeo	TOWARDS A FIRE-RESILIENT EUROPE: CAN WE DO BETTER?	<p>En la reunión se abordó el creciente problema de los incendios forestales extremos en Europa, especialmente en el contexto del verano récord de 2022 y la sequía invernal que condujo a un aumento de incendios en 2023. Se presentó el proyecto FIRE-RES, financiado por la UE, que busca desarrollar estrategias de gestión integral para abordar estos eventos. Los participantes discutieron la importancia de cambiar la forma en que se aborda la gestión de incendios, teniendo en cuenta el cambio climático, la gestión de combustibles y la necesidad de movilizar el conocimiento experto.</p>

24/10/2023	Axencia Galega de Innovación (GAIN)	Reunión GAIN - Programas de Talento para investigadores	Reunión con María José Mariño, directora da Área de Centros de GAIN, para explorar as diferentes posibilidades á hora de tender pontes entre os programas de talento galegos (especialmente Oportunius) e o exterior.
24/10/2023	Plataforma Transición Xusta	<i>Energy storage – an opportunity for coal and carbon intensive regions</i>	En esta sesión se reunieron las regiones JTF, investigadores e inversores para mostrar ejemplos de éxito de proyectos de inversión en almacenamiento de energía y nuevas tecnologías energéticas y debatir lo que se debe y no se debe hacer para la realización de proyectos de almacenamiento de energía, los marcos reguladores óptimos y las formas de superar las barreras que impiden la realización de dichos proyectos.
24/10/2023	Vinces Consulting Brussels	IV edición de la Cena VINCES	Cena en la que se debatió cómo la Presidencia española del Consejo puede contribuir a diseñar una agenda más estratégica para la Unión Europea que, además de aumentar su atractivo inversor, refuerce su posicionamiento en un tablero mundial en reconfiguración.

25/10/2023	Comisión Europea	8th Just Transition Platform Conference	A FGE participa desde 2019 na Plataforma Europea de Transición Xusta, herdeira da antiga Plataforma de Rexións dependentes do carbón. Esta Plataforma serve como punto de acceso a información relevante sobre a transición verde, facilita o intercambio de coñecementos e boas prácticas e proporciona asesoramento técnico ás rexións europeas para poñer en marcha proxectos de transición xusta.
26/10/2023	EURACTIV	Media Partnership: The Spanish presidency and the future of European Digitalization: Learnings from Spain as a global digital hub	En la reunión se enfatizó que España ha logrado una sólida posición en términos de digitalización y conectividad. La digitalización se ha vuelto una prioridad tanto para España como para la Unión Europea, respaldada por iniciativas como la Agenda Digital y un fuerte apoyo económico de la UE. España se considera atractiva para inversiones digitales debido a su energía verde asequible y la calidad de sus habilidades. Se destacó la importancia de la colaboración entre grandes empresas y PYMES para impulsar la economía europea.
26/10/2023	Delegación de Canarias	Reunión do CORE posterior ao Consello de Medio Ambiente do 16 de outubro de 2023	
26/10/2023	CPMR	CRPM Fisheries Working group	

26/10/2023	CORE	Presentación "La política europea en España: elaboración y prioridades".	
27/10/2023	CPMR	CPMR Transport group	Se informó sobre los trílogos en marcha para la revisión de la Red Transeuropea de Transporte. Se destacó la importancia de los puertos en la red de transporte y se puso énfasis en la implementación de proyectos clave para promover la conectividad transfronteriza y regional.
03/11/2023	Delegación de Canarias, como coordinadora do grupo CORE-Enerxía	Reunión posterior ao Consello de Enerxía do día 17 de outubro coa Conselleira de Enerxía da REPER	A reunión do Consello de Transporte, Telecomunicacións e Enerxía do pasado 17 de outubro estaba pensada para ser unha sesión extraordinaria, pero ao final celebrouse como reunión ordinaria. A conselleira explicou que, a pesar de non atoparnos actualmente nunha situación de crise no mercado da enerxía eléctrica, os prezos estruturais son moi altos, duplicando aqueles anteriores á última crise de prezos enerxéticos. En parte esta é a razón pola que este último Consello de Enerxía centrouse nun único expediente lexislativo: a reforma do mercado eléctrico da UE.
06/11/2023	Región de Murcia, Comité de las Regiones, Ministerio de Ciencia e Innovación-Gobierno de España, CDTI Innovation-	EU SOIL AGENDA	En la reunión se abrió una convocatoria de financiamiento en cascada dirigida a municipios y gobiernos regionales para mejorar la salud del suelo. Se destacaron 13 ubicaciones piloto y se presentó la metodología HuMUS en cinco pasos. Además, se describieron los resultados esperados de la convocatoria, que incluyen acuerdos de gestión territorial. Se discutió el programa LIFE, enfocado

	Spain Office for Science and Technology, ERRIN – European Regions Research and Innovation Network, HuMUS- Healthy Municipal Soil		en medio ambiente y acción climática, y se mencionaron las próximas convocatorias. También se resumieron las posibles acciones bajo la Política Agrícola Común (PAC) para el período 2023-2027, centradas en la mitigación del cambio climático, la gestión de recursos naturales y la conservación de la biodiversidad.
07/11/2023	European Sea Ports Organisation (EPSO)	ESPO Award 2023 Ceremony and 30th Anniversary Dinner	Desde 2009, la Organización Europea de Puertos Marítimos premia anualmente los proyectos que promueven la integración social de los puertos. El tema de este año es "Proyectos de restauración de la naturaleza en puertos en beneficio de la comunidad local".
09/11/2023	CDTI-SOST	Reunión sobre o a plan estratéxico de Horizonte Europa 25-27 e o próximo programa marco	A representación do CDTI en Bruxelas organizou unha reunión entre as oficinas de representación das comunidades autónomas e a Comisión Europea para informar sobre o decimo programa marco de investigación e innovación. Segundo o agardado, parece que a proposta será publicada (xunto co resto que conforman o marco financeiro plurianual), a comezos do verán de 2025. Tamén se aludiu ás negociacións do plan estratéxico de Horizonte Europa para o período 2025-2027, unha novidade do actual programa marco na que se rexistran as temáticas nas que se basearán as convocatorias contidas no programa de traballo bianual. Tras unha extensa consulta pública coas partes interesadas, a proposta está sendo agora discutida

			cos Estados miembros para que sea adoptada en marzo de 2024.
09/11/2023	Parlamento Europeo	Presentación del Panel Internacional para la Sostenibilidad de los Océanos (IPOS)	Actualmente, el océano está siendo tratado de forma técnica y fragmentada por múltiples organizaciones. Es necesario crear una organización mundial que reúna y difunda conocimientos que permitan a los responsables tomar decisiones eficaces y con conocimiento de causa. Esta es la ambición de IPOS, una organización mundial emergente que imagina un "centro" de conocimiento holístico que capacite a los responsables de la toma de decisiones para actuar con políticas basadas en pruebas.
09/11/2023	The right street digital	<i>The state of policy comms</i>	Seminario sobre las nuevas tendencias que hay en la comunicación política en el marco de las instituciones europeas.
14/11/2023	Atlantic Corridor	<i>19th Atlantic Corridor Forum</i>	Segunda reunión del año del foro que reúne a las partes interesadas en la ejecución del Corredor Atlántico. Fíjese un repaso al estado de ejecución del corredor y de los proyectos financiados en el polo CEF y el MRR.
17/11/2023	REPER España	Reunión preparatorio do Consello Agrifish do 20-21 de novembro	
20/11/2023	Rede de rexións afectadas polo cambio demográfico (DCRN)	<i>DCRN event Health services delivery in demographic transition regions</i>	La prestación de servicios sanitarios en zonas con una población menguante y envejecida es un reto importante para las administraciones públicas. La prestación de servicios de calidad en estas zonas es más costosa y difícil,

			pero se contrapone al beneficio de fijar la población en las zonas rurales.
21/11/2023	CDR	20ª Comisión CIVEX	Reunión na que participou Jesús Gamallo e na que se debateu sobre o proceso de ampliación da UE e a participación dos mozos nas vindeiras eleccións europeas
04/12/2023	Oficina de Valencia en Bruxelas	CORE RELEX (Comercio)	O conselleiro de Comercio da REPER repasou o estado da situación dos diferentes acordos negociados pola UE con Estados terceiros, destacando especialmente o de MERCOSUR. A pesar de que en 2019 (e tras 20 anos de negociacións) se chegou a un acordo de principio, aínda é precisa a súa conclusión formal. A día de hoxe, todos os ollos están postos en Arxentina (un dos principais membros de MERCOSUR xunto con Brasil) e no seu novo goberno, do que aínda se descoñece a súa posición con respecto ó acordo.
07/12/2023	<i>EuroHealthNet</i>	<i>Unlocking the Potential of the European Semester: Achieving a Wellbeing Economy through Participatory Societies</i>	La Conferencia, organizada por EuroHealthNet en colaboración con el CESE y organizaciones multisectoriales de la sociedad civil, tiene como objetivo un Semestre Europeo que apoye la consecución de una "Economía del Bienestar" y haga avanzar el Pilar Europeo de Derechos Sociales, así como la agenda sanitaria y social de la UE. La conferencia tendrá lugar en persona, aunque también podrá retransmitirse en directo. Reunirá a responsables políticos, profesionales de la salud pública, académicos, representantes de organizaciones de la sociedad civil y otros expertos de campos muy diversos.

08/12/2023	Oficina de la Rioja como coordinador de turno de CORE	CORE: Jornada formativa para becarios de las Oficinas de las CCAA en Bruselas	Jornada en la que se exponela historia y las funciones de las Oficinas Regionales en la primera parte, y la participación de las CCAA en el Consejo en la segunda parte.
05/12	Oficina de Cantabria como coordinadora do grupo CORE-Educación e Cultura	Reunión posterior ao Consello Educación, Cultura, Xuventude e Deporte dos días 22 e 23 de novembro	A Presidencia española coordinou a adopción de varias conclusións interesantes para as CCAA: sobre a dimensión cultural dos videoxogos, sobre muller e deporte e sobre os valores europeos na educación. Informouse tamén dos debates políticos públicos e privados mantidos durante esta reunión ministerial
06/12	Oficina de Canarias como coordinadora do grupo CORE – Empleo	Reunión posterior ao Consello Emprego e Asuntos Sociais do 27 e 28 de novembro	Adoptouse unha recomendación sobre a transición xusta no mundo laboral, unhas conclusións sobre a economía dos coidados, acadouse unha orientación xeral sobre a tarxeta de Discapitados e informouse dos expedientes pendientes de aprobación en trílogos: traballo en plataformas, organismos de igualdade na UE